Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: ACORDEÓN

Curso: 2026 - 2027

Índice

1 Introdución....4
2 Metodoloxía....4
3 Atención á diversidade....5
4 Temas transversais....5
4.1 Educación en valores....6
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....6
5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....7
6 Secuenciación do curso....7
6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL....7
6.1.1 Obxectivos....7
6.1.2 Contidos....8
6.1.3 Avaliación....9
6.1.4 Medidas de recuperación....11
6.1.5 Recursos didácticos....13
6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL....13
6.2.1 Obxectivos....13
6.2.2 Contidos....14
6.2.3 Avaliación....14
6.2.4 Medidas de recuperación....17
6.2.5 Recursos didácticos....18
1.3 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL....19
6.2.6 Obxectivos....19
6.2.7 Contidos....20
6.2.8 Avaliación....21
6.2.9 Medidas de recuperación....24
6.2.10 Recursos didácticos....25
6.3 Curso: 4º GRAO ELEMENTAL....25
6.3.1 Obxectivos....26
6.3.2 Contidos....27
6.3.3 Avaliación....29
6.3.4 Medidas de recuperación....31
6.3.5 Recursos didácticos....33
6.4 Curso: 1º GRAO PROFESIONAL....33
6.4.1 Obxectivos....33
6.4.2 Contidos....34
6.4.3 Avaliación....35
6.4.4 Medidas de recuperación....37
6.4.5 Recursos didácticos....39
6.5 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL....39
6.5.1 Obxectivos....39
6.5.2 Contidos....40
6.5.3 Avaliación....43
6.5.4 Medidas de recuperación....45
6.5.5 Recursos didácticos....47

6.6 Curso: 3º GRAO PROFESIONAL....48
6.6.1 Obxectivos....48
6.6.2 Contidos....48
6.6.3 Avaliación....51
6.6.4 Medidas de recuperación....54
6.6.5 Recursos didácticos....55
6.7 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL....56
6.7.1 Obxectivos....56
6.7.2 Contidos....57
6.7.3 Avaliación....59
6.7.4 Medidas de recuperación....61
6.7.5 Recursos didácticos....63
6.8 Curso: 5º GRAO PROFESIONAL....63
6.8.1 Obxectivos....64
6.8.2 Contidos....64
6.8.3 Avaliación....67
6.8.4 Medidas de recuperación....69
6.8.5 Recursos didácticos....71
6.9 Curso: 6º GRAO PROFESIONAL....71
6.9.1 Obxectivos....71
6.9.2 Contidos....72
6.10.3 Avaliación....75
6.9.3 Medidas de recuperación....77
6.9.4 Recursos didácticos....79
7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica....79
8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....79
9 ANEXOS....80
9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional....80
9.2 Probas de acceso a outros cursos....80
9.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental....80
9.2.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional....81
9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao....82
9.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)....83
9.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)....84
9.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional....84
9.7 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Elemental....86

1 Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así como os específicos da materia de ACORDEÓN, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para iso indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, como a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), a dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan

mediante distintos mecanismos de realimentación nos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativa: de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:

Distribución temporal e progresiva dos obxectivos e contidos de xeito que se produza unha aprendizaxe sumativa. Nas sesións de clase, con carácter xeral isto concretarase no reparto do tempo da seguinte maneira:

1º: O alumno disporá de polo menos 5 min para quentar co seu instrumento.

2º: O alumno presentará ao profesor o traballo realizado durante a semana de estudo segundo o acordado na clase anterior (20 min).

3º: O profesor valorará o traballo realizado polo alumno e realizará as correccións oportunas (10 min).

4º: Traballo específico de técnica en clase aplicado ao repertorio presentado cada día (10 min).

5º: Traballo memorístico por fragmentos musicais (10 min).

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferenzas, respecto cara aos compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara á cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao

seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 6º).

6.1 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1 Obxectivos

- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Inicio á interpretación de texturas melódicas ao unísono (MI/III), homofónicas (MI- MIII/II) e polifónicas (MI/III).
- Inicio ao estudo da dixitación das obras do nivel.
- Asimilación de grafías e sistemas de escritura propios do acordeón: cambios de dirección do fol, acordes do MII, etcétera.
- Desenvolvemento paralelo de ambas as mans (free bass).
- Estudo do MI: posicións fixas. Execución de valores como: redondas, brancas, negras e corcheas.

- Estudo do MII: dominio de sete baixos (Mi, La, Re, Sol, Do, Fa e Si b) e acordes maiores e sétima, e 5 menores (Re, La, Mi, Si).
- Estudo do MIII: posicións fixas.
- Coordinación do MI co MII e MIII. Mesmos valores nas dúas mans / valores longos contra valores breves. Inicio do traballo para desenvolver a independencia de mans.
- Dominio básico do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical (inicio ao traballo de fraseo e "respiración").
- Inicio ao estudo das articulacións: tenuto, ligado, staccato. Distintas articulacións para as dúas mans.
- Iniciación ao estudo da dinámica.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións...
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da memoria dende a primeira toma de contacto coa partitura.
- Utilización da memoria para interpretar pezas breves.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Interpretación en público.

6.1.2 Contidos

- Posición corporal e do instrumento. Posicións das mans e dixitacións. Hábitos posturais axeitados para o estudo.
- Práctica das escalas e arpexos diatónicos maiores (Do, Sol, Re, La, Mi, Fa, Sib) e menores (Si, Mi, La, Re, Sol), por graos conxuntos, picadas e ligadas, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións a unha velocidade axeitada ao nivel.
- Lacroix, Fernand, Método de Acordeón para baixos libres: 1.ª avaliación: estudos (1-12); 2.ª avaliación: (20-31); 3.ª avaliación: (32-45).
- Gurbindo, Fermín, Método de Acordeón (baixos estándar). 1.ª avaliación: estudos (1-5); 2.ª avaliación: (6-9); 3.ª avaliación: (10, 11, 12-14, 15).

- Llanos, Ricardo, Acordeón Divertido: 1.ª avaliación: coche de bomberos; 2.ª avaliación: Canción súper difícil, En una ciudad china muy lejana, Canción china; 3.ª avaliación: Paisaje chino, Antón Pirulero.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos e obras (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos e obras (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.1.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.2 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Interpretar o repertorio con regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar texturas melódicas ao unísono (MI/III), homofónicas (MI-MIII/II) e polifónicas (MI/III)
- Coñecer e utilizar os principios básicos da dixitación
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Aprender grafías propias do instrumento.
- Coñecer as distintas partes do acordeón.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Aprender a utilizar a rexistración básica.
- Acadar control na produción e calidade do son.
- Interpretar diferentes tipos de articulacións.

- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar de memoria pezas breves.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Comezar a tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.2.2 Contidos

- Posición corporal e do instrumento. Posicións das mans e dixitacións. Hábitos posturais axeitados para o estudo.
- Práctica das escalas diatónicas maiores (SI, Fa#, Mib, Lab) e menores (Fa#, Do#, Do, Fa), por graos conxuntos e arpexos, picadas e ligadas, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións a unha velocidade axeitada ao nivel.

Lacroix, Fernand, Método de Acordeón para baixos libres: 1.ª avaliación: estudos (46, 52 e 59); 2.ª avaliación: (65, 68 e 73); 3.ª avaliación: (78, 83).

Llanos, Ricardo, Acordeón Divertido: 1.ª avaliación: Es un muchacho excelente; Oh Susana; 2.ª avaliación: La Carbonerita; Al corro de la patata; 3.ª avaliación: Xurxuri, ¿Dónde están las llaves?; Himno a la Alegría.

Gurbindo, Fermín, Método de Acordeón: 1ª avaliación: estudos (17, 18); 2ª avaliación: (20 e 21); 3ª avaliación: (23 e 24).

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

▪

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).

Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).

En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos e obras (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.2.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.

- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

1.3 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL

6.2.6 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar texturas melódicas ao unísono (MI/III), homofónicas (MI-MIII/II) e polifónicas (MI/III).
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Aprender grafías propias do instrumento.
- Coñecer as distintas partes do acordeón.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración básica.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol
- Interpretar diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.

- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas breves.
- Comezar a ler a primeira vista fragmentos musicais sinxelos a mans separadas.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.2.7 Contidos

- Posición corporal e do instrumento. Posicións das mans e dixitacións. Hábitos posturais axeitados para o estudo.
- Práctica das escalas diatónicas maiores e menores en todos os tons por graos conxuntos e arpexos, picadas e ligadas, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións a unha velocidade axeitada ao nivel.

Lacroix, Fernand, Método de Acordeón para baixos libres: 1.ª avaliación: estudos (87); 2.ª avaliación: (88).

Llanos, Ricardo, Acordeón Divertido: 1.ª avaliación: Levántate pamplonica, Beti Alai; 2.ª avaliación: Idiarena; Carnaval de Venecia; Can Can; 3.ª avaliación: Antonio Polonio; El Himno de batalla.

Gurbindo, Fermín, Método para acordeón de baixos estándar: 1.ª avaliación: estudos (25, 27); 2.ª avaliación: (28, 30); 3ª avaliación: (32, 33).

Elixir, polo menos, unha peza da seguinte lista do repertorio:

Listaxe orientadora de repertorio

M

I

I

I

-Bach, J.S.	Álbum Anna Magdalena Bach (n.º 2, 3, 15, 17 ou 22)
-Busseuil, P.	Le tatou –Animalia
-Fiala,	For children

-Lundquist, T. Allerlei

-Harris, Accordion Miniatures

-Makkonen Ghostparty (3.The Hovering Butler's Speech)

-Martínez Oña, Sonatina (3.º mov.)

-Przybylski, B. K. Vögel

MII

-Boccosi, Bio Gavotina

-Bui, Renato Blumen

Girl

-Bazant, J. Akordeon-Automat

-Fugazza Pierino si diverte: Proverbio cinese

-Fugazza Il suceso de Pierino : La gavotta del burattino. Il

gat to e il gomitolo di lana , Ogano suona

-Precz, B. Suite para nenos n.° 1 (3.º, 4.º mov.)

-Przybylski, B. K. The four seasons

-B.Smetana /P. Carducci O Moldava

6.2.8 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios, estudos e obras propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos e obras (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.9 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.2.10 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.3 Curso: 4º GRAO ELEMENTAL

6.3.1 Obxectivos

- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Interpretación de texturas melódicas ao unísono (MI/III), homofónicas (MI- MIII/II) e polifónicas (MI/III).
- Estudo da dixitación das obras do nivel.
- Asimilación de grafías e sistemas de escritura propios do acordeón: cambios de dirección do fol, rexistración, acordes do MII, etcétera.
- Dominio dos baixos estándar e MI/MII.
- Coordinación do MI co MII e MIII. Mesmos valores nas dúas mans / valores longos contra valores breves. Inicio do traballo para desenvolver a independencia de mans.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Estudo das articulacións: tenuto, ligado, staccato. Distintas articulacións para as dúas mans.
- Estudo da dinámica.
- Estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións...
- Coñecementos avanzados sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Práctica da improvisación: utilización de brancas, negras e tres sons.
- Interpretación a primeira vista.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da memoria dende a primeira toma de contacto coa partitura.
- Utilización da memoria para interpretar pezas breves.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Interpretación en público.
- Práctica de conxunto: textura, planos sonoros, ritmo, etcétera.

6.3.2 Contidos

- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Ler a primeira vista, a mans xuntas, fragmentos sinxelos nos dous sistemas de baixos: estándar e baixos cromáticos libres.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

MI

-Apparailly, A.	Mini Jazz (vol.1, 3 ou 6)
-Bach, J.S.	Álbum Anna Magdalena Bach (nº 1, 5, 8 ou 9).
-Bach, J.S.	Pequenos preludios (BWV 924)
-Busseuil, P.	Animalia
-J. Brahms/P. Carducci	Valse
-P.Chaikovski/P. Carducci	O lago dos cisnes
-Di Zio, A.	Metodo per fisarmonica a bassi sciolti, volume 1 (90-102)
-Fiala	For children (3)
-Grieg, E. /P. Carducci	A mañá
-Jutila, U.	Pequeno acordeonista
-Lundquist, T.	Microscope
-Makkonen	Ghostparty (1, 6)
-Marcos, Tito	Alternancias
-Martínez Oña	Sonatina (2º, 4.º mov.)
-Rueda, J.	Invencións (5, 6 ou 7)
-Tamulionis, J.	11 pezas polifónicas

MII

-Bazant, J.	Akordeon-Automat
-Gurbindo, F.	Pequenas Pezas
-Gurbindo, F.	Soirée de Valse
-Gurbindo, F.	Fiesta en las cumbres
-Gurbindo, F.	Muguette
-Makkonen, P.	Song n.º4 Laalalalaa
-Fugazza, F.	La Gavotta Del Burattino – Il mago burlone
-Oppenheimer, J.	Quadri d'Israele
-Precz, B.	Suite para nenos n.º 3 (1º mov.); Suite para nenos n.º 2.
-Przybylski, B. K.	The four seasons
-Schaper, H. Ch.	Sonatina I
-Schaper, H. Ch.	Sonatina II

6.3.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominio do fol.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

▪

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
-

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.3.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.4 Curso: 1º GRAO PROFESIONAL

6.4.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.

- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.4.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 8 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de dúas obras. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.
- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.

- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

6.4.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominio do fol.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna

domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.4.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.5 Curso: 2º GRAO PROFESIONAL

6.5.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.

- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Ler a primeira vista.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.5.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 10 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de dúas obras. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.
- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.

- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

ESTUDOS

-Marini, E.	Técnica del acordeón clásico
-Jacomucci, C.	Tecnica per bottoni

TRANSCRICIÓNS

-Bach	Invencións a dúas voces
-Mozart	Pequeno estudo n.º 10, 18, 19, 20, 21
-Bartók, B	Mikrokosmos, caderno V
-P. Soler	Sonatas
-Scarlatti	Sonata (unha sinxela)

OBRAS ORIXINAIS

-Barton, G	Preludio e Fuga, MII ou MIII
-Buxtehude	Preludio, fuga e chacona, MIII
-Fiala, P.	Sonatine Facile, MIII
-Fiala, P	For Children, MIII
-Gurbindo, F.	Vals Extraño, MII
-Hermosa, G	Idazketatxo (7,10), MIII
-Hurt, J.	Caprichos (a elixir un do 3 ao 8), MII
-Jutila, U.	Pequeno acordeonista (Pikku anuristi), MIII
-Krazanoswka, G	Children's games, MIII
-Lundquist	Microscope, MIII
-Makkonen, P	Song n.º 2 Duduuduu, MIII
-Marcos, T	Escenas Medievales, MIII
	Estudio 1984, MIII
-Motow, W	Neben dem Fluss, neben der Brücke, MII
-Newy, W.	Burleske, MII
-Rueda, J	Invenciones, (9) MIII
-Oppenheimer, J	Omaggio a Bach
-Semionov, W	Kindersuite n.º.1 (1, 2,3) MII-MIII
	Kindersuite n.º 2 (3º e 4º) MII-MIII
-Solotarjow, W.	Kindersuite n.º 1

Suite n.º 3 MIII (2.º, 4.º)

-Panitsky, I. Chant Russe (Amidst the Dale), MII

-Precz, B Suite para nenos n.º.1, 2, 3,4,5.

-Soler, A/Rubio, S Sonata nº48 en Re M, MIII

-Tschaikin, N CKA3, MII

-VVAA Studien (DVFM): MII

Spielbuch I (DVFM), MII

Ganzer, J. “Fünf Stücke”, MIII

Kurzbach, P- Drei Stücke, MII

Richter, W- Konstellation HEGA, MII

6.5.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominio do fol.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios, obras, e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

▪

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.

- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.5.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.6 Curso: 3º GRAO PROFESIONAL

6.6.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto
-

6.6.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 12 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de dúas obras. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.

- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.
- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

ESTUDOS

-Astier, A.	Método de Virtuosismo.
-Wilson, J.	Catorce estudos rítmicos MII
-Tamulionis, J.	11 Estudos Polifónicos MIII
-Jacomucci, C.	Tecnica per bottoni

TRANSCRICIÓNS

-Bach	Pequenos Preludios (dúas páx.) (Preludio BWV 938, Fuga BWV 952, BWV 953, BWV 961) Invencións a tres voces (Sinfonías)
-Mozart, WA.	Sonatinas Vienesas
-Scarlatti, D.	Sonata (unha do nivel)

OBRAS ORIXINAIS

-Andoain, P.	Andre Madalen MII
-Barton, G	Preludio e Fuga MII ou MIII
-Bentzon, N	In the Zoo (1º,5º,6º mov)
-Borgstrom, B	Tema e Variacións MII
-Busseuil, P.	Petit Safari MIII
-Buxtehude	Preludio, fuga e chacona MIII
-Creston,P	Invención n.º 2 MII
	Fuguetta MII ou MIII
-Deiro, P	Trieste Oberture
-Fancelli, L	Pupacetti MII
-Fiala, P.	Sonatine Facile MIII
-Fugazza, F	Preludio e Fuga

-Gart, J	Scherzo	
-Gurbindo, F.	Safari	MII
-Jutila, U.	Pictures for children	
-Lecuona, E.	Andalucía	MII
-Lunazzi, L	Preludio n.º 2	MII
-Lundquist, T.	Sonatina Piccola (1)	MIII
	Plasticity	MIII
	Invenciones 6, 7, 8 e 9	
-Piazzolla, A	Adiós Nonino	
-Repnikov, A	Basso Ostinato	
-Richter, W	Konstellation zu HEGA	
-Rueda , J	Invenciones (10, 11)	
-Schubert, F/ T. Rodríguez	A abella	
-Semionov, W	Kindersuite n.º 1 (4.º, 5.º mov.)	MII- MIII
	Kindersuite n.º 2	
-Solotarjow, W.	Kindersuite n.º 1 (4.º, 5.º mov.) n.º 2, n.º3 (3.º mov), n.º4 (1.º mov) n.º5 (2.º, 4.º mov).	
-Soler, A/Rubio, S	Sonata nº48 en Re M	MIII
-Surkov , A.	Variacións sobre un tema ruso	
-Wuensch	Shades of Ivory: Blues, a sentimental ballad	

6.6.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de**

seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.6.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.7 Curso: 4º GRAO PROFESIONAL

6.7.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.

- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.7.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 15 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de dúas obras. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.
- O alumno deberá montar un repertorio de 15 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. Devandito repertorio deberá conter, polo menos, dúas obras diferentes e de distintos estilos. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.
- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.

- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

ESTUDOS

-Astier, A.	Método de Virtuosismo.
-Marini, E.	Técnica del acordeón clásico

TRANSCRICIÓNS

-Albéniz, I.	Córdoba
-Bach, J.S.	Invencións a tres voces
-Suite Francesa ou Inglesa	
-Scarlatti, D.	Sonata (unha do nivel)
-Soler, A.	Sonata (unha do nivel)

OBRAS ORIXINAIS

-Bartók, B.	Diario dunha mosca (Mik 142) MIII
-Creston, P.	Fuguetta, MII ou MIII
-Derbenko,	Pequena suite MII-MIII
-Derbenko, Y.	Mosaico Ruso MII-MIII
-Finke, F.	Konzertetüde (Etüden Konzertante) MII
-Fugazza, F.	Preludio e Fuga
-Galliano, R.	Valse à Margaux , MII

-Garmendia, J. André Madalen , MII

-Hermosa, G. Variaciones sobre el Libertango

-Kirmsse, H. Canzona (Etüden Konzertante) MII

-Kunz, H. Toccata MIII

-Kurzbach, P. Sonatina (Spielbuch I) MII

-Lundquist, T. Botany Play (Madrid)

-Lundquist, T. Plasticity

-*Melocchi* *Suite para acordeón*

-Messina, R. A Trip to the Moon

-Precz, B. Fantasía Polaca MII-MIII

-Precz, B. 3 3 2

-Repnikov, A. Basso ostinato MII

-Zolotarew, W. Monasterio Firaponte MII-III

-Zolotarew, W. Suite infantil n.º 4

-Zolotarew, W. Suite infantil n.º 5

-Zolotarew, W. Suite infantil n.º 6

-Wuensch, G. Shades of Ivory,

6.7.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.

- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.7.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.7.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.8 Curso: 5º GRAO PROFESIONAL

6.8.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.
- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.8.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 17 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de dúas obras. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Como reforzo para a aprendizaxe, o profesor poderá indicar ao alumno o estudo de exercicios técnicos concretos, escalas, arpexos, etcétera, en función das necesidades de cada alumno.

- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.
- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

ESTUDOS

-Astier, André	Técnica de Virtuosismo.

TRANSCRICIÓNS

-Bach, J.S.	Clave Ben Temperado
-Bach, J.S.	Partitas n.º 1, 2, 3.
-Bach, J.S.	Suites inglesas e francesas
-Soler, A.	Sonatas para clave
-Scarlatti, D.	Sieben Sonaten bearbeitet von Mogens Ellegaard
-Scarlatti, D.	Sonatas para clave

OBRAS ORIXINAIS

-Angelis, F.	Romance
-Bentzon, N.V.	In the Zoo
-Brehme, H.	Divertimento en Fa
-Busseuil	Laetitia parc
-Castellacci, M.	Maracaibo
-Cholminov	Winterbilder
-Fancelli	Acquarelli Cubani
-Ferrare Trecate	Cocktail
-Galliano, R.	Valse à Margaux
-Gurbindo, F.	Fantasía para acordeón
-Jacobi, W.	Konzertrondo
-A.Kusjakov	Winterbilder
-Lundquist, T.	Botany Play
	Partita piccola
	Plasticity
-Marcos, Tito	Imágenes
-Messina A	trip to the moon
-Oppenheimer	Ciacciona
-Precz, B.	Fantasía Polaca
-Repnikov	Toccata
-Repnikov	Scherzo
-Repnikov	Capriccio

-Semionov	Suite búlgara
-Trojan, V.	Catedral en Ruínas
-Wuensch	Mini-Suite n.º 4
-Wuensch	Shades of Ivory (Swing Rock Beguine, Viennese Waltz)
-Zolotarew, W.	Monasterio Firaponte MII-III
-Zolotarew, W.	Suite infantil n.º 2, n.º 6

6.8.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles:

-Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans e facilite a mellora da destreza técnica.

-Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

-Dominar un repertorio básico integrado polos exercicios e estudos propostos. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

▪

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.8.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou

alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para trimestre e/ou curso, segundo corresponda, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.8.5 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

6.9 Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

6.9.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na interpretación.
- Comprender as estruturas musicais para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Interpretar todo tipo de texturas.
- Coñecer e utilizar os principios da dixitación.

- Ler e comprender unha partitura, para logo poder interpretala.
- Coñecer grafías propias do instrumento.
- Interpretar obras do nivel en MI, MII e MIII.
- Utilizar convenientemente a rexistración.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Interpretar adecuadamente diferentes tipos de articulacións.
- Asimilar a técnica de fol necesaria para a execución dos matices dinámicos.
- Empregar as técnicas básicas para improvisar.
- Coñecer diferentes efectos propios do instrumento.
- Asimilar conceptos básicos da produción do son no acordeón.
- Acadar un hábito de estudo diario e técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar fragmentos axeitados a primeira vista.
- Interpretar de memoria pezas do repertorio.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Coñecer as peculiaridades da interpretación como integrante dun grupo mediante a práctica de conxunto.

6.9.2 Contidos

- O alumno deberá montar un repertorio de 20 minutos, mínimo de duración, apropiado ao nivel do presente curso, para o que se presenta unha listaxe orientadora de obras. Devandito repertorio deberá estar composto por obras de diferentes estilos. O número de obras poderá variar en número dependendo da extensión de cada unha delas, pero nunca estará formado por menos de tres obras. Polo menos unha das obras deberá ser representativa do repertorio orixinal para acordeón e outra delas deberá ser unha transcrición. Dúas das obras deberán montarse durante o novo curso. O resto do programa poderá completarse con algunha obra que se estudou no curso anterior. Polo menos, unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- A posición do corpo e correcta colocación do acordeón como ferramenta esencial á hora da interpretación.
- Regularidade rítmica e de tempo.
- Técnica dixital: dixitación correcta que posibilite unha axeitada fluidez do discurso sonoro. Comprobar diversas posibilidades.
- Grafías e sistemas de escritura propios do acordeón.
- Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos nos distintos manuais.
- Traballo de independencia de mans.
- Estudo da rexistración: cambios de rexistros durante a interpretación. Coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprender a relación entre o escrito e o escoitado.

- Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.
- Dominio do fol: movemento en forma de abanico e cambios de dirección que respecten a estrutura musical.
- Control do son: ataque, mantemento e cesamento do son (traballo do ataque e cese do son suave).
- Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato -de dedos, boneca e antebrazo-, leggero, coulé, detaché, acentos de fol e dixital, etcétera).
- Elección das articulacións en obras onde non figuren tales indicacións.
- Estudo da dinámica: dinámicas en terrazas e cambios progresivos de dinámica (reguladores).
- Estudo dos matices agóxicos: ritardando, accelerando.
- Elección das indicacións dinámicas e agóxicas en obras onde non figuren tales indicacións.
- Iniciación ao estudo de diferentes efectos: clusters, glissandos, botón do aire, percusións, etcétera.
- Estudo da articulación de fol: bellows shake, binario e ternario.
- Coñecementos básicos sobre a produción do son e os coidados do instrumento.
- Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Uso da memoria como ferramenta á hora de mellorar a interpretación e a comunicación co público.
- Toma de conciencia das propias calidades musicais e o seu desenvolvemento en función das esixencias interpretativas.
- Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.
- Interpretación en público.

Listaxe orientadora de repertorio

TRANSCRICIÓNS

-Albéniz, I.	Asturias
-Bach, J.S.	Clave Ben Temperado (Preludio e Fuga)
	Suites Inglesas e francesas
	Toccata e Fuga BWV 565
-Granados, E.	Danza Española n.º 5
-Padre Soler	Sonatas
-Scarlatti, D.	Sonatas para Clave

OBRAS ORIXINAIS

-Angelis, F	Romance, MIII
-Astier, A	Capricho Mazurka, MIII
-Bentzon, N	In the Zoo
-Bonakov, W	Ballada, MIII
-Bonakov, W	Drei Novellen, MIII
-Busseuil, P.	Interludio e Danza, MIII
-Busseuil, P	Laetitia parc, MIII
-Cambieri, E	Trittico Polifonico, MII
-Cholminov	Suite,
-Fancelli, L	10 km al Finestrino, MII
Ferrare Trecate	Cocktail, MII
-Gurbindo, F.	Fantasía para Acordeón MII/MIII
-Kusjakov, A	Winterbilder
-Lundquist, T.	Partita Piccola
	Lappri MIII
	Plasticity MIII
	Botany Play
-Messina , R	A trip to the moon
-Nørgård, P	Anatomic Safari
-Pozzolli, E	Danza Fantástica
-Pouskarenko,	Los Skifos del Siglo XX
-Repnikov, A	Capriccio
-Trojan, V	A Catedral en ruínas MII-MIII
-Wuensch, G	Mini Suite n.º 4 MIII
-Wuensch,G	Shades of Ivory

-Solotarjow, W. Kindersuite n.º 6

Sonata n.º 2

6.10.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación 6.º G.P.

- Dominar un repertorio de 20 minutos mínimo de duración, integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao nivel (orixinais e transcricións). Cinguirse ao exposto no primeiro punto dos contidos da programación do sexto curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

  -Dominar as escalas e arpexos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

  -Dominar os exercicios técnicos propostos no curso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- O alumno deberá realizar un recital fin de curso co programa estudado.
- En cada unha das avaliacións o alumno deberá participar nas audicións programadas con parte do repertorio preparado ata o momento.
- A avaliación levarase a cabo tendo en conta o grao de cumprimento de todos os puntos expostos nos contidos da programación do sexto curso.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación (90%).
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia (10 %).
- En caso de que o alumno non poida participar na audición programada por calquera causa, acordarase co profesor un día para realizar unha audición na propia aula de clase. O alumno tocará diante do profesor e polo menos outro alumno, ou un amigo, ou un pai, ou outro profesor do Centro. Esta proba terá o mesmo valor da citada audición.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e terceiro trimestre: 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE Á MATERIA: participación activa nas clases, audicións, e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TÉCNICA: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras (estudos) do repertorio proposto (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, execución do fol, articulación, dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, dominio do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.9.3 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Interpretar un repertorio de 20 minutos mínimo de duración segundo os criterios que aparecen redactados nos contidos da programación do presente curso (primeiro punto).

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración musical, e articulación, manexo do fol; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.
- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpexos, a elección do profesorado, e á velocidade e coas características indicadas para cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso, a elección do profesorado.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- SON, MUSICALIDADE E EXPRESIÓN: calidade do son, manexo do fol, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade; dominio das obras do repertorio proposto (mínimo esixible). 50% da cualificación.

- DOMINIO TÉCNICO DO INSTRUMENTO: dominio da técnica de base no relativo á posición corporal, respiración, manexo do fol, e articulación; dominio das escalas e arpexos (mínimo esixible); dominio dos exercicios propostos (mínimo esixible). 50% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.9.4 Recursos didácticos

- Listaxe de obras que aparecen no apartado de contidos da programación do presente curso.
- Estudos e exercicios técnicos que o profesor estime necesario para a superación de determinadas dificultades que se detecten ao longo do curso.
- Audición e análise de distintas gravacións do repertorio estudado durante o curso, e interpretadas por mestres de referencia mundial.
- Asistencia a concertos.
- Participar en audicións programadas.
- Encontros con estudantes doutros centros.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico do Piano deixarase constancia deste seguimento así como de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así como sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas neste documento para o 4º curso de grao elemental ou ser outras dunha dificultade semellante, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para instrumento solo sen acompañamento.
- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite deberán dispor do seu pianista acompañante.

Contidos

Os indicados nesta programación para o 4º curso de grao elemental.

Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E DA INTERPRETACIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)

9.2 Probas de acceso a outros cursos

9.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental

A proba instrumental consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e dun exercicio de lectura a primeira vista, que poderán ser escollidas entre as programadas no indicado nesta programación para o curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante á elección do/da aspirante.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E 1ª VISTA: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; dominio da interpretación do exercicio proposto para lectura a 1ª vista. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

9.2.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

As persoas que desexen acceder a calquera curso de grao profesional distinto de 1º deberán realizar unha proba de acceso que consta de dúas partes:

A parte A da proba consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade ou coa voz no caso da especialidade de Canto, de 3 obras pertencentes a distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, 1 deberase interpretar de memoria.

Na parte B da proba realizarase un exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Para superar a proba deberase acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación final da proba será o resultado da seguinte ponderación: parte A 70%, parte B 30%.

Tanto para a realización da parte A coma da parte B os aspirantes deberán presentarse co acompañamento que o repertorio requira. Dito acompañamento corre a cargo do aspirante.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- REPERTORIO: dificultade e defensa do repertorio presentado. 20% da cualificación.
- DOMINIO TÉCNICO: dominio da técnica de base (posición corporal, respiración, embocadura e articulación); destreza técnica amosada no repertorio. 40% da cualificación.
- DOMINIO SONORO E DA INTERPRETACIÓN: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros; calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento. 40% da cualificación.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

• Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

• Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,25 puntos	0,5 puntos	0,75 puntos	1 punto	1,25 puntos
Actitude fronte á materia 25%	**Participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos**	Non amosa ningún interese nas clases nin nas correccións e/ou indicacións do docente	Apenas amosa interese nas clases. Non adoita atender ás correccións e/ou indicacións do docente	Amosa escaso interese nas clases. Presta certa atención ao docente nas súas indicacións e correccións pero non se esforza en seguilas	Amosa interese nas clases. Presta atención ás indicacións e correccións aínda que non se esforza demasiado en seguilas.	Amosa interese nas clases. Presta atención ás indicacións e correccións e esfórzase en seguilas.	Sempre amosa interese nas clases. Presta moita atención ás indicacións e esfórzase en seguilas en todo momento.
	Calidade no estudo autónomo	Nunca realiza os exercicios e tarefas propostas.	Non soe realizar as tarefas indicadas. A calidade no estudo é moi baixa	Realiza os exercicios e tarefas indicadas ocasionalmente. A calidade no estudo é baixa ou moi irregular	Soe realizar os exercicios e tarefas propostas cada semana. A calidade no estudo é boa.	Realiza as tarefas e exercicios propostos sempre ou case sempre. A calidade dos mesmos é boa ou moi boa.	Sempre realiza os exercicios e tarefas propostas. Prepara moi ben cada clase e a calidade no estudo autónomo é excelente.
Técnica 37,5 %	**Dominio da técnica de base: posición corporal, manexo do fol e articulación**	Presenta defectos graves na posición corporal, manexo do fol e articulación. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta importantes defectos na posición corporal, e/ou manexo do fol e articulación. Apenas se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta defectos na posición corporal, e/ou manexo do fol e articulación. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, e/ou manexo do fol e articulación. Hai unha clara melloría nestes aspectos.	A posición corporal, manexo do fol e articulación son correctos. Apréciase clara melloría nestes aspectos.	Presenta unha perfecta posición corporal, e manexo do fol e articulación correctos e sen defectos salientables. Apréciase evolución positiva nestes aspectos.
	Dominio das escalas e arpexos *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Non domina ningunha das escalas e arpexos indicados na PD ou faino a unha velocidade moi inferior á establecida.	Domina só algunhas das escalas e arpexos establecidos na PD á velocidade próxima á establecida.	Domina a maioría das escalas e arpexos indicados na programación á velocidade axeitada ou próxima á establecida. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Domina as escalas e arpexos, aínda que algunha delas a velocidade inferior á indicada na programación.	Domina as escalas e arpexos á velocidade indicada na programación.	Domina todas as escalas e arpexos a velocidade superior á indicada na programación.
	Dominio dos exercicios propostos *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Só domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	Só domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte dos exercicios indicados na PD pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Domina os exercicios propostos, aínda que con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, mesmo algún máis dos indicados na PD, con total corrección e velocidade axeitada
Son, musicalidade e expresión 37,5 %	**Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros**	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros. Apréciase pouca melloría nestes aspectos.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Ten un son correcto. Hai algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade pero apréciase melloría nestes aspectos.	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel. Presenta unha boa evolución nestes aspectos.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente. Presenta unha moi boa evolución nestes aspectos.
	Calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Non se aprecia melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase pouca melloría nestes aspectos.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase certa melloría nestes aspectos.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade pero apréciase melloría nestes aspectos.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Presenta ademais unha boa evolución nestes aspectos.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. A evolución nestes aspectos é moi boa.
	Dominio das obras propostas *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar a/as obra/s planificadas pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución da mesma. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada ou próxima á indicada pero con certos erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende a/as obra/s planificadas de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma.
Observacións:						Cualificación:	

9.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,33 puntos	0,67 puntos	1 punto	1,33 puntos	1,67 puntos
Dominio técnico 50%	**Dominio da técnica de base: posición corporal, manexo do fol e articulación**	Presenta defectos graves na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Presenta defectos na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, manexo do fol, e articulación.	A posición corporal, manexo do fol, e articulación son correctos.	Presenta unha perfecta posición corporal, manexo do fol, e articulación correctos e sen defectos salientables.
	Dominio das escalas e arpexos *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Non domina ningunha das escalas e arpexos indicados na PD ou faino a unha velocidade moi inferior á establecida.	Domina só algunhas das escalas e arpexos establecidos na PD á velocidade próxima á establecida.	Domina a maioría das escalas e arpexos indicados na programación á velocidade axeitada ou próxima á establecida. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Domina as escalas e arpexos, aínda que algunha delas a velocidade inferior á indicada na programación.	Domina as escalas e arpexos á velocidade indicada na programación.	Domina todas as escalas e arpexos a velocidade superior á indicada na programación.
	Dominio dos exercicios propostos *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Só domina a metade ou menos dos exercicios propostos e faino coa mínima corrección técnica e velocidade moi inferior á indicada	Só domina unha parte dos exercicios propostos cunha mínima corrección e velocidade inferior á indicada	Domina boa parte dos exercicios indicados na PD pero non todos, e moitos deles con dificultade e/ou velocidade reducida ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Domina os exercicios propostos, aínda que con certa dificultade e/ou velocidade reducida nalgún caso	Domina todos os exercicios propostos con corrección e velocidade axeitada	Domina os exercicios propostos, mesmo algún máis dos indicados na PD, con total corrección e velocidade axeitada
Son, musicalidade e expresión 50%	**Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros**	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto. Hai algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade.	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	Calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade.
	Dominio das obras propostas *CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE*	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin sequera parcialmente e/ou a unha velocidade reducida.	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas. Unicamente pode facelo parcialmente (fragmentos, movementos) a unha velocidade reducida e/ou con certos erros e defectos na execución.	Pode tocar a/as obra/s planificadas pero a unha velocidade inferior á indicada e/ou con numerosos erros e defectos na execución da mesma. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada ou próxima á indicada pero con certos erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende correctamente a/as obra/s planificadas a unha velocidade axeitada sen apenas erros e/ou defectos na execución da mesma.	Defende a/as obra/s planificadas de maneira brillante a unha velocidade axeitada e sen erros e/ou defectos na execución da mesma.
Observacións:						Cualificación:	

9.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional

CRITERIOS / VALOR	0 puntos	0,4 puntos	0,8 puntos	1,2 puntos	1,6 puntos	2 puntos

Repertorio 20%	**Dificultade e defensa do repertorio presentado**	As obras son de baixa dificultade e non as defende con soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas con certa soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas de xeito brillante, ou as obras son de dificultade acorde ao nivel e non as defende axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas de xeito brillante, ou son de gran dificultade e deféndeas axeitadamente	As obras son de gran dificultade e deféndeas de xeito brillante
Dominio técnico 40%	**Dominio da técnica de base: posición corporal, manexo do fol, e articulación**	Presenta defectos graves na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, manexo do fol, e articulación.	Presenta algunha carencia na posición corporal, manexo do fol, e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, manexo do fol, e articulación.	A posición corporal, manexo do fol, e articulación son correctos.	Presenta unha perfecta posición corporal, manexo do fol e articulación correctos e sen defectos.
	Destreza técnica amosada no repertorio	Amosa unha total ausencia de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Amosa certa falta de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Apréciase algunha dificultade no dominio da articulación e dixitación do repertorio, e algúns erros nas pasaxes de máis dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado. Aprécianse algúns erros nas pasaxes de máis dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado, así como as pasaxes de certa dificultade técnica.	Domina brillantemente a articulación e dixitación do repertorio presentado, e amosa control absoluto de todas as pasaxes de certa dificultade técnica.
Dominio sonoro e da da interpretación 40% 40%	**Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros**	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto, aínda que con algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	Calidade na interpretación, dinámica, fraseo, expresividade e conexión co acompañamento	A calidade interpretativa é moi deficiente, sen ningún dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Non se aprecia conexión co acompañamento.	A calidade interpretativa é deficiente, con defectos e/ou falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase pouca conexión co acompañamento.	A calidade interpretativa presenta certos defectos, apréciase certa falta de control no uso da dinámica, fraseo e expresividade. Apréciase certa conexión co acompañamento.	Ten unha calidade interpretativa correcta. Hai algunha dificultade no control da dinámica, fraseo e expresividade pero apréciase conexión e coñecemento da parte acompañante.	Apréciase unha calidade interpretativa boa, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade. Presenta ademais unha boa conexión e coñecemento da parte acompañante.	A calidade interpretativa é excelente, con dominio da dinámica, fraseo e expresividade, así como total coñecemento e conexión coa parte acompañante.
Observacións:						Cualificación:	

9.7 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso de Grao Elemental

CRITERIOS / VALOR		0 puntos	0,4 puntos	0,8 puntos	1,2 puntos	1,6 puntos	2 puntos
Repertorio 20%	**Dificultade e defensa do repertorio presentado**	As obras son de baixa dificultade e non as defende con soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas con certa soltura	As obras son de baixa dificultade e deféndeas de xeito brillante, ou as obras son de dificultade acorde ao nivel e non as defende axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas axeitadamente	As obras son de dificultade acorde ao nivel e deféndeas de xeito brillante, ou son de gran dificultade e deféndeas axeitadamente	As obras son de gran dificultade e deféndeas de xeito brillante
Dominio técnico 40%	**Dominio da técnica de base: posición corporal, manexo do fol e articulación**	Presenta defectos graves na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Presenta importantes defectos na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Presenta algunha carencia na posición corporal, manexo do fol e articulación.	Aprécianse leves defectos na posición corporal, manexo do fol e articulación.	A posición corporal, manexo do fol e articulación son correctos.	Presenta unha perfecta posición corporal, manexo do fol e articulación correctos e sen defectos.
	Destreza técnica amosada no repertorio	Amosa unha total ausencia de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Amosa certa falta de dominio da articulación e dixitación, así como numerosos erros nas pasaxes de certa dificultade técnica.	Apréciase algunha dificultade no dominio da articulación e dixitación do repertorio, e algúns erros nas pasaxes de máis dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado. Aprécianse algúns erros nas pasaxes de máis dificultade técnica.	Domina a articulación e dixitación do repertorio presentado, así como as pasaxes de certa dificultade técnica.	Domina brillantemente a articulación e dixitación do repertorio presentado, e amosa control absoluto de todas as pasaxes de certa dificultade técnica.
Dominio sonoro e 1ª vista 40% 40%	**Calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros**	Presenta defectos graves no son e afinación, falta de flexibilidade e dominio dos rexistros.	Presenta defectos no son e afinación, certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Presenta algunha carencia no son e afinación, ou certa dificultade na flexibilidade e/ou dominio dos rexistros.	Ten un son correcto, aínda que con algunha dificultade no control da afinación, dos rexistros e da flexibilidade	Ten bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade axeitada ao nivel.	Ten moi bo son e un control da afinación, rexistros e flexibilidade excelente.
	Dominio da interpretación do exercicio proposto para lectura a 1ª vista	Falta total de dominio do exercicio	Moita dificultade na interpretación do exercicio incluso a baixa velocidade	Execución do exercicio con erros e falta de fluidez (interrupcións) a velocidade inferior á apropiada	Execución do exercicio con algún erro e/ou algunha interrupción a velocidade próxima á apropiada	Execución do exercicio sen erros nin interrupcións a velocidade próxima á apropiada	Execución do exercicio perfecta e á velocidade apropiada
Observacións:						Cualificación:	